

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE DECEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de decembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de Novembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito

que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/N/82.1/07

A MARGHERITA LO BOSCO, na representación das Irmans Clarisas Franciscanas Misioneras do Santísimo Sacramento, con domicilio no Convento de San Francisco, Ribadavia, para levar a cabo as obras no Convento de San Francisco de acordo co proxecto básico redactado polos arquitectos D. Francisco Castro Nieto e D. Pedro Alonso Fernández con visado de data 6 de agosto de 2007.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Execución de novos aseos nos dormitorios (celdas), tres en planta primeira e tres en planta segunda; substitución das pezas sanitarias de aseos existentes, un en planta primeira e dous en planta segunda; e a adaptación dun aseo de planta primeira para usos de lavandería; todo elo coa conseguinte eliminación e nova execución de portas interiores, execución de instalacións de saneamento e abastecemento de auga e colocación de novos solados e alicatados; así como, a instalación de sistemas de control e protección contra incendios.

Contía na que se orzan as obras: 53.109,60 euros.

Situación e emprazamento das obras: San Francisco.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: D. Francisco Castro Nieto e D. Pedro Alonso Fernández.

Nome ou razón social do promotor: Irmans Clarisas Franciscanas Misioneras do Santísimo Sacramento.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de seis (6) meses e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licencia de obras.

Liquidación do ICIO: Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 53.109,60 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras, por importe de 1.380,84 euros.

Outras condicións: As superficies das zonas de actuación son as seguintes:

Planta	Superficie	Útil	superficie construída
Primeira	87,33 m ²	114,12 m ²	

Segunda	127,38 m ²	161,30 m ²
	214,71 m ²	275,42 m ²

- Respecto da Normativa Urbanística:

A normativa urbanística municipal de aplicación son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais e o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico dado que edificación atópase situada na Zona de Protección do Casco Histórico de Ribadavia.

As actuacións que se pretenden enténdense como obras permitidas pola citada normativa; contando co Informe en sentido Favorable da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense, da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, de data de 31 de outubro de 2007.

- Respecto do Proxecto Básico:

Na Memoria, na páxina 30, no apartado 8. Requisitos Básicos – 2. Habitabilidade – 2.3. Aforro de enerxía e illamento térmico, sinalase “*A demanda de auga quente sanitaria cubrirase en parte mediante a incorporación dun sistema de captación, almacenamento e utilización de enerxía solar de baixa temperatura...*”; na Documentación Gráfica deberá de situarse a ubicación do citado sistema.

No Presuposto, numerase o Capítulo 7. Calefacción e extracción de aire, cunha contía económica de 7.869, 01 €, na Memoria e na Documentación Gráfica deberá de recollerse o relacionado co citado capítulo.

Antes do inicio das obras deberá presentar o correspondente Proxecto de Execución no que se recolla a documentación antes sinalada, co Anexo sobre Control de Calidade da Edificación, segundo Decreto 232/93 da Xunta de Galicia, o Proxecto de Seguridade e Saúde, así como a designación dos técnicos directores da obra e coordinadores de Seguridade e Saúde.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADADÁNS.

CONCESION DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vistas as solicitudes presentadas nesta Administración Local para a concesión de postos de venda na Praza de Abastos e tendo en conta a existencia de postos vacantes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder os seguintes postos:

Posto nº 3. Planta Baixa (Carne). Don José Antonio Vieira González.

Estas ocupacións terán o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados.

RENUNCIA DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS.-

Visto o escrito de **Don José Antonio Vieira González**, con domicilio na rúa Carballiño nº 58, 1º, no que solicita a baixa no posto nº 2 da Planta baixa adicado a venda de carne, os integrantes da Xunta de Goberno Local quedan enterados da mesma, acordando comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don José Manuel Rodríguez Vergara**, con domicilio na rúa de Atrás nº 19, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Irmáns Álvarez Araujo nº 3, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Francisco Francisco**, con domicilio na Porta Nova de Arriba nº 2, 2º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Antia Zafra González**, con domicilio na rúa Progreso nº 29,2º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don José Francisco Fernández Patricio**, con domicilio na rúa San Martiño nº 38, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Judith Ann Staton**, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente nº 1, 4ºF, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda

conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **dona Marta Beatriz Nieto Gómez**, con domicilio na rúa Banda da Lira nº 1, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Porta Nova de Arriba nº 28, 2º dcha, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Alvarez Giraldez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 24, 2ºC, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Marmoles Vietez S.L.**, con domicilio en San Cristovo nº 193, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Guillermo López Carballal, na representación de Construccións López Carballal S.L.**, con domicilio en Francelos, deste término municipal, en virtude da instancia nº3478 de data 16 de xullo de 2007, solicitando licencia para a instalación dunha emisora e instalación receptora de G.L.P., nun inmovible sito na rúa Rodríguez de la Fuente s/n, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos

incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Guillermo López Carballeda, na representación de Construcións López Carballeda S.L., para a instalación dunha emisora e instalación receptora de G.L.P., nun inmovible sito na rúa Rodríguez de la Fuente s/n, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

CONDICIÓN URBANÍSTICAS.-

Expte: 20/11/2007/6107-CU/ 389: Vista a solicitude de **Don Antonio Lorenzo Duran**, con domicilio en Barcia, Melón, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en San Lázaro (Ref. Catastral 06.18.3-02), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 30.11.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP Nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado en pleno o 2 de novembro de 1993. Este ordenamento supédítase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". DOGA nº.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela con Referencia Catastral 06.18.3-02 dá fronte á Rúa San Lázaro e é lindante coa Capela de San Lázaro.
2. O plan urbanístico actual, NNSSM e figura derivada E.D. Francelos Travesía, non está adaptado á LOUGA.
 - a. Corresponde a Chan Urbano, regulado pola Ordenanza R.C. 14.1 RESIDENCIAL pechada e 14.4 ESPAZO LIBRE.
3. Xestión, establécese en "15 Xestión", Pág. 12 do E.D, debéndose axustar ao previsto pola LOUGA.

4. A área onde se atopa encravada a parcela, corresponde a Chan Urbano, cunha malla urbana, definida non lindante coa actual.
 - a. Polo que consecuentemente, é Chan Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Chan Urbano No Consolidado, segundo establece a LOUGA.
5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE N° 1187.
6. O ámbito de demarcación territorial, unidade de execución ou de actuación, establecerase segundo sinala o Art. 117, abranguendo a mazá na súa totalidade segundo o vial perimetral previsto.
7. Achégase co presente informe:
 - a. Ordenanza 14.1, R.C. E.D.
 - b. Plano E.D., E 1: 500.”

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito de **Don Manuel Tilve Fernández**, veciño desta Vila, con domicilio na rúa dos Fornos nº 48, no que interesa a titularidade da sepultura sita no socalco terceiro dereita do cementerio municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir desta data dita sepultura xirará a nome de Manuel Tilve Fernández, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Universitaria, remitindo copia da Orde do 12 de novembro de 2007, pola que se prorroga a autorización do Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia, de titularidade municipal para impartir con carácter provisional durante o curso escolar 2007/2008 as ensinanzas elementais e profesionais de música”.

- “Da Delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comunicando a cesión de dous ordenadores”.

- “Da Secretaría Xeral da Igualdade, Resolución do 21-11-07, denegando subvención solicitada para a realización de programas de apoio a familias monoparentais”.

- “Da Dirección Xeral de Interior, Acta de Inspección a taller mecanico denominado “Talleres Urbano” sito na Franqueiran nº 3, Ribadavia”.

- “Da Dirección Xeral de Interior, Acta de Inspección a taller mecanico denominado “Talleres San Cristovo” sito en San Cristovo, Ribadavia”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº8/07.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº8 /07, por importe de 8.500 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

- CONSTRUCCIÓN VÁZQUEZ FIDALGO S.L. Traballos realizados en garaxe da sede da Policía Local, segundo factura número 19, por importe de 24971,5 euros.
- ZIEGLER ESPAÑA. Suministración dun equipo Oertzen HDL250 , unha lanza triplex 0,7, un depósito de auga e custo dos portes, segundo factura número 07/0398, por importe de 8979,26 euros.
- SOGAMA. Tratamento de R.S.U. na Mancomunidade do Ribeiro, do mes de decembro de 2006, segundo factura número 2006/ 5647, por importe de 8682,57 euros.
- CONGALLE. Servizo de recollida de R.S.U. do mes de xullo 2007, segundo factura número 2007/971, por importe de 7054,47 euros.
- CONGALLE. Servizo de recollida de R.S.U. do mes de agosto 2007, segundo factura número 2007/1118, por importe de 7054,47 euros.
- PROYECTOS, CONSULTORÍA E FORMACIÓN S.L. Servizo de picado, tabulación, explotación estadística, e elaboración dun informe de resultados das enquisas realizadas para os observatorios de emprego e de tics en empresas, dentro

do Proxecto “Equal Avia Crea Futuro”, segundo factura número 054-7, por importe de 4780 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.